

Pazo do Penedo / Pazo dos Marquina

050021

Datos de Localización

Pazo

Nomenclator:	3207701
Coord. UTM:	X: 60140706 Y: 466063059
Concello:	Sandiás
Parroquia:	COUSO DE LIMIA
Lugar:	Vilariño das Poldras
Tipoloxía:	Arquitectura Civil
Tipo:	Pazos
Subtipo:	Pazo



Denominación: Pazo do Penedo / Pazo dos Marquina

Etapa Histórica: Idade Moderna

Estilo relevante Popular

Outros Estilos:

Descrición:

Este edificio de pranta irregular está organizado en torno a uns patios e un xardín. A súa situación sobre un grande penedo pode xustificar o nome da casa. Componse de pranta baixa e primeiro andar.

Na construción pódense apreciar dúas partes ben diferenciadas, unha delas que se correspondería coa parte máis antiga e que se dataría cara mediados do século XVI, e unha posterior que encadra máis nas construcións do século XIX. Os materiais cos que se levantan as paredes do edificio diferencian ben as etapas constructivas; a parte máis primitiva levántase a base de cachotería encintada e a máis moderna con sillares de boa labra.

A parte con máis riqueza arquitectónica á a máis moderna, a súa pranta debuxa unha forma rectangular. Dúas das súas fachadas quedan libres e outras dúas están adosadas á primitiva construción. Resulta interesante a fachada oeste onde aparece a parte central enmarcada por unhas pilastras pseudodóricas que percorren todo o paramento. Aquí ábreanse tres vanos, o do centro é unha porta que sae a un balcón apoiado nunha gran ménsula moldurada e protexido por unha baranda de ferro. Ós lados do balcón dúas fiestras con montante e tornachuvias semicircular. No resto da fachada ábrese varias fiestras e algunha porta máis arquitebadas pero xa máis sinxelas. Segundo Rivera Rodríguez, esta construción participa da arquitectura popular, proba disto é a falta de harmonía no conxunto da fachada pola irregularidade das proporcións.

Na fachada Norte conta cun pequeno escudo de armas ó pé dunha fiestra, e na fachada este, na parte que queda libre presenta unha galería sobre piares poligonais.

Conserva dous portalóns de entrada, un con acceso ó xardín e o outro con acceso ó patio. Este último é un grande portalón alintelado con porta de madeira de dúas follas. Aparece coroado no centro por unha cruz e ós lados uns elementos decorativos pétreos.

Nas proximidades da casa existe unha capela fundada a finais do século XVI, ligada en parte á casa.

Na actualidade o pazo é propiedade da familia Marquina. Os Marquina proceden do pazo de Acevedo do Río en Celanova.

BIBLIOGRAFÍA:

- CID RUMBAO, A.: *Guía turística de la provincia de Ourense*, p.192.
- GARCÍA IGLESIAS, J.M.: *Pazos de Galicia*, COAG-Xunta de Galicia, 1989, p. 254.
- RIVERA RODRÍGUEZ, M.T.: *Los pazos orensanos*, ed. Atlántico, A Coruña, 1981, p. 451.
- RIVERA RODRÍGUEZ, M.T.: *Pazos orensanos*, Caixanova, Ourense, 2000, p. 308.

DOCUMENTACIÓN:

- Ficha do catálogo do planeamento urbanístico do concello de Sandiás. Clave de identificación: AC-4.
- Ficha del inventario del patrimonio arquitectónico de Interés histórico artístico del Ministerio de Cultura.

Características Construtivas

- Plantas:** B+1
- Edif. Anexas:** Varias edificacións anexas relacionadas coa actividade agrícola e gandeira
- Mat. Fachada:** Granito
- Mat. Estrutura:** Granito
- Mat. Cuberta:** Fibrocemento e tella

Elementos singulare**Construtivos:****Decorativos:****Delimitación do Ben e da contorna**

- Situación:** Outros
- Area de Protección:** 100m.

Protección

- Tipo de ben:** Inventariado
- Proposta de tipo de ben:**
- Estado de Tramitación:** Declarado
- Nivel de Protección Arq.:** Integral
- Proposta Nivel de Protección Arq.**
- Grao de Protección Arq.:** ----
- Proposta Grao de Protección Arq.** ----
- Xustificación da Protección:**
- Titularidade**
- Polígono:**
- Parcela:**

Conservación-Intervención

- Estado de Conservació** Regular
- Uso Actual:** Habitacional

Alteracións Morfolóxicas

Tipo:

Data:

Descrición:

Proxecto:

Axentes:

Observacións:

Bens Mobles







